

**PROXECTO
DE
XORNADA ÚNICA**

CURSO 2015 – 2016

**CEIP MILLADOIRO
(15026765)**

**MALPICA DE
BERGANTIÑOS**

DATOS DO CENTRO

Nome:

C.E.I.P. "MILLADOIRO"
R/ VENTORRILLO, S/N
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)

Código do Centro:

15026765

Niveis e modalidades educativas:

Educación Infantil e Primaria

Alumnos/as escolarizados/as:

187

Alumnos/as que utilizan o transporte escolar:

150

(Dos cales 44 son usuarios lexítimos e 106 son usuarios excepcionais)

1.- XUSTIFICACIÓN

O presente proxecto pedagógico-didáctico, elaborado polo claustro de profesores do C.E.I.P. “Milladoiro” de Malpica de Bergantiños, confeccionouse ao abeiro da Orde da Consellería de Educación de 29 de maio de 2008 (D.O.G. de 6 de Xuño) pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva continuada en sesión de mañá ou mixta nos centros de Educación Infantil e Primaria.

Entre os aspectos positivos da xornada en sesión única de mañá destaca o maior aproveitamento das horas lectivas da mañá fronte ás da tarde, posto que durante a mañá o alumnado atópase máis receptivo, cun maior nivel de atención e motivación, con máis capacidade de concentración e, polo tanto, o seu rendemento intelectual é maior.

Así mesmo, a xornada continuada permite aos alumnos e alumnas dispor de máis tempo para completar a súa formación asistindo a actividades culturais e deportivas ofertadas polo Concello ou outros organismos e a actividades extraescolares organizadas pola ANPA e polo centro educativo.

Por outra banda, a xornada en sesión única de mañá posibilita o estudo individual do alumnado, facilitando a interiorización e asimilación dos contidos e un maior grao de desenvolvemento de competencias básicas como aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Non debemos esquecer que a xornada de mañá inflúe positivamente na calidade do ensino, dado que amplía as posibilidades de formación do profesorado ao tempo que racionaliza os tempos para a elaboración de materiais e preparación de clases.

Cabe salientar que as relacións familiares veríanse amplamente favorecidas xa que, ademais de mellorar a convivencia, tamén facilitaría a organización horaria das familias, dado que tanto o C.R.A. de procedencia do noso alumnado como o I.E.S. do noso municipio dispoñen do horarios en xornada continuada.

De feito, elaboramos esta proposta de modificación de xornada atendendo á petición das familias.

2.- OBXECTIVOS

- Mellorar o rendemento académico do alumnado aproveitando para as clases a fase do día de maior concentración e actividade intelectual.
- Ampliar as súas posibilidades formativas.
- Repartir o tempo da xornada de forma racional.
- Facilitar ao alumnado máis tempo para a realización das tarefas escolares pola redución de tempo de desprazamento.
- Facilitar e estimular a convivencia e as relacións familiares.
- Redistribuír o tempo de lecer.
- Mellorar a conciliación laboral e familiar.
- Realizar actividades subvencionadas ou ofertadas polos Concellos e outras institucións.
- Facilitar ao profesorado unha mellor distribución do tempo para a súa formación e reciclaxe e para a elaboración de novos proxectos.
- Ofrecer o uso da Biblioteca Escolar como lugar de estudo e consulta, fóra das horas de clase.
- Unificar horarios lectivos cos nosos centros de referencia (C.R.A. e I.E.S.), favorecendo a organización da vida familiar.
- Contribuír a unha maior estabilidade do profesorado no centro, axudando así á consolidación de plans e proxectos que melloran a calidade do ensino.

3.- ORGANIZACIÓN TEMPORAL

3.1.- ALUMNADO

O horario que se propón é o que segue:

LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES	
⊕	ACTIVIDADE	⊕	ACTIVIDADE	⊕	ACTIVIDADE	⊕	ACTIVIDADE	⊕	ACTIVIDADE
9:00 – 9:50	ACTIVIDADE ESCOLAR	9:00 – 9:50	ACTIVIDADE ESCOLAR	9:00 – 9:50	ACTIVIDADE ESCOLAR	9:00 – 9:50	ACTIVIDADE ESCOLAR	9:00 – 9:50	ACTIVIDADE ESCOLAR
9:50 – 10:40	ACTIVIDADE ESCOLAR	9:50 – 10:40	ACTIVIDADE ESCOLAR	9:50 – 10:40	ACTIVIDADE ESCOLAR	9:50 – 10:40	ACTIVIDADE ESCOLAR	9:50 – 10:40	ACTIVIDADE ESCOLAR
10:40 – 11:30	ACTIVIDADE ESCOLAR	10:40 – 11:30	ACTIVIDADE ESCOLAR	10:40 – 11:30	ACTIVIDADE ESCOLAR	10:40 – 11:30	ACTIVIDADE ESCOLAR	10:40 – 11:30	ACTIVIDADE ESCOLAR
11:30 – 11:55	TEMPO DE LE CER	11:30 – 11:55	TEMPO DE LECER	11:30 – 11:55	TEMPO DE LECER	11:30 – 11:55	TEMPO DE LECER	11:30 – 11:55	TEMPO DE LECER
11:55 – 12:20	HORA DE LER	11:55 – 12:20	HORA DE LER	11:55 – 12:20	HORA DE LER	11:55 – 12:20	HORA DE LER	11:55 – 12:20	HORA DE LER
12:20 – 13:10	ACTIVIDADE ESCOLAR	12:20 – 13:10	ACTIVIDADE ESCOLAR	12:20 – 13:10	ACTIVIDADE ESCOLAR	12:20 – 13:10	ACTIVIDADE ESCOLAR	12:20 – 13:10	ACTIVIDADE ESCOLAR
13:10 – 14:00	ACTIVIDADE ESCOLAR	13:10 – 14:00	ACTIVIDADE ESCOLAR	13:10 – 14:00	ACTIVIDADE ESCOLAR	13:10 – 14:00	ACTIVIDADE ESCOLAR	13:10 – 14:00	ACTIVIDADE ESCOLAR
16:00 – 17:00	ATENCIÓN ÁS FAMILIAS	16:00 – 17:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	16:00 – 17:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	16:00 – 17:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	16:00 – 17:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA
17:00 - 18:00	REUNIÓN S MESTRES/AS	17:00 - 18:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	17:00 - 18:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	17:00 - 18:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	17:00 - 18:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA

3.2.- PROFESORADO

3.2.1.- Tódolos días da semana, 25 horas dentro do horario escolar, de 9:00 a 14:00.

3.2.2.- Un día á semana, os luns, a totalidade do profesorado permanecerá no centro de 16:00 a 17:00 para atender ás familias e de 17:00 a 18:00 para asistir ás reunións establecidas.

LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES	
⊕	ACTIVIDADE	⊕	ACTIVIDADE	⊕	ACTIVIDADE	⊕	ACTIVIDADE	⊕	ACTIVIDADE
16:00 – 17:00	ATENCIÓN ÁS FAMILIAS	16:00 – 17:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	16:00 – 17:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	16:00 – 17:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	16:00 – 17:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA
17:00 - 18:00	REUNIÓN S MESTRES/AS	17:00 - 18:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	17:00 - 18:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	17:00 - 18:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA	17:00 - 18:00	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA

Como queira que o outro centro co que compartimos empresa de transporte tamén solicita unha modificación de xornada, e para facilitar a coordinación, estaríamos dispostos a outras suxestións de propostas horarias diferentes por parte da Xefatura Territorial á que figura neste proxecto.

4.- AGRUPAMENTOS

4.1.- ALUMNADO

O alumnado deste centro é de Educación Infantil e Primaria. Existe un grupo de cada curso, excepto de 3º de Primaria, que hai dous grupos.

4.2.- PROFESORADO

O cadro de profesorado está formado por 18 mestres, 15 deles con docencia única no centro e tres delas compartidas con outros centros, segundo o cadro adxunto:

	C.E.I.P. Milladoiro	C.E.I.P. Joaquín Rguez. Otero (Buño)	C.R.A. Nosa Señora do Faro (Ponteceso)
Mestra de Relixión	X	X	
Mestra de Audición e Linguaxe (A súa base é o C.R.A.)	X		X
Orientadora	X	X	X

Esta adscrición de profesorado a centros con diferentes tipos de xornada provocan múltiples dificultades de organización interna, asunto que se vería simplificado coa modificación de horarios.

5.- DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS

O centro conta con 18 aulas utilizadas do seguinte xeito:

NÚMERO DE AULAS	USO
3	Titorías de Infantil
1	Apoio Educación Infantil
7	Titorías de Primaria
2	Lingua Inglesa
1	Pedagogía Terapéutica
1	Audición e Linguaxe
1	Música
1	Plástica
1	Relixión

O centro conta coas seguintes instalacións:

A Biblioteca Escolar, totalmente organizada e informatizada, coordinada por un equipo permanente que organiza gran variedade de actividades de animación á lectura. A Biblioteca forma parte do *Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares*, o que implica a posibilidade de recibir asesoramento e formación especializada, así como a participación na rede galega de bibliotecas escolares que aspiran a converterse en centros de lectura, de tratamento de información e de aprendizaxe.

Ademais de libros, dispón de ordenadores, xogos e espazos de estudo.

Unha **aula de informática**, con conexión a Internet, para realizar actividades relacionadas con este tipo de soportes. Fóra do horario lectivo está a disposición de ANPA e Concello para que organicen as actividades que consideren oportunas, feito que sucede con frecuencia.

Ademais, no mesmo recinto do colexio atópase a Biblioteca Municipal e o **Pavillón Municipal de Deportes**. Este último emprégase en horario escolar como aula para

Educación Física e en horario extraescolar para levar a cabo diferentes actividades deportivas ofertadas polo Concello.

6.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Autobuses: distribuídos en catro liñas nas que operan tres autobuses nas entradas e 4 nas saídas, tal como consta no informe solicitado con data 16/10/2014 pola xefa do Servizo de Transportes, Dna. María Siso, e remitido desde o noso centro con data 04/12/2014.

O alumnado usuario lexítimo de transporte podería, no caso de establecerse a Xornada Continuada, compartir autobuses cos escolares do I.E.S. Urbano Lugo, xa que nalgúns casos son liñas idénticas. Chegarían ao noso centro con 15 minutos de antelación ao comezo das clases, feito que xa sucede actualmente e serían atendidos polo profesorado de custodia.

Comedor: Desde o curso 2013/14 funciona no centro o servizo de comedor baixo a titularidade da Consellería de Cultura, Educación e O.U., na modalidade de xestión indirecta, atendendo a 28 usuarios no presente curso.

7.- PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A implantación da xornada continuada supón a racionalización nos horarios das actividades extraescolares municipais e da ANPA, facilitando compaxinalas con aquelas ás que acude o noso alumnado en concellos limítrofes, especialmente piscina e conservatorio (Carballo, Cabana...).

7.1.- OBXECTIVOS

- Ampliar a oferta educativa que realiza o centro con novas actividades.
- Ofrecer aos nenos e nenas un lugar no que poidan ocupar o seu tempo de lecer.
- Aproximar os alumnos ao centro dende unha perspectiva diferente, menos rixida e menos marcada polas horas lectivas.
- Mellorar a calidade de vida das familias, distribuindo o tempo de xeito máis racional.
- Tirar maior rendibilidade aos fondos e recursos da Biblioteca Escolar.

7.2.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

7.2.1.- Actividades gratuítas propostas polo centro:

O martes, mércores, xoves e venres lectivos a Biblioteca Escolar abrirá de 16:00 a 18:00 e estará atendida por dous mestres ou mestras para que o alumnado a poida utilizar como sala de lectura e de consulta ou mesmo para estudar e facer tarefas.

7.2.2.- Actividades organizadas pola ANPA:

A ANPA do C.E.I. P. Milladoiro oferta anualmente as seguintes actividades:

- INGLÉS
- INFORMÁTICA

7.2.3.- Actividades organizadas polo Concello de Malpica:

As actividades deportivas municipais réxense polo calendario escolar, suspendéndose os días que non hai escola. Están, ademais, condicionadas polo horario escolar, polo que na actualidade non poden organizar ningunha antes das 16:30 h.

- **E.M.A.E. (Escola Municipal de Artes Escénicas):**

- Teatro
- Baile tradicional
- Pandeireta
- Pintura
- Manualidades

- **E.D.M. (Escola Deportiva Municipal):**

- Baloncesto
- Fútbol sala
- Fútbol campo
- Ximnasia rítmica
- Tenis
- Psicomotricidade
- Patinaxe

Os horarios actuais das actividades municipais, adaptaranse á nosa xornada, en caso de que haxa modificación de horario.

Por outra banda, debemos lembrar que a **Biblioteca Municipal Eduardo Blanco Amor**, situada no Centro Cívico de Malpica, permanece aberta de luns a venres de 15:30 a 20:00.

7.2.4.- Outras actividades cercanas utilizadas xa actualmente polo alumnado do centro:

- Actividades acuáticas nos Concello de Cabana de Bergantiños e Carballo.
- Escola Municipal de Danza no Concello de Ponteceso.
- Patinaxe no Concello de Ponteceso.
- Conservatorio en Carballo.

Aprobado polo Claustro e o Consello Escolar en Malpica , a 19 de xaneiro de 2015